

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICION DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

Artigo 1.º Fundamento e natureza.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa da expedición de documentos administrativos, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal cuxas normas atenden ao previsto no artigo 58 da dita Lei 39/1988.

Artigo 2.º Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible da Taxa a actividade administrativa desenvolvida con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes de que entenda a Administración ou as Autoridades Municipais.
2. A estes efectos, se entenderá tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que fose provocada polo particular ou redunde no seu beneficio, aínda que non mediase solicitude expresa do interesado.

Artigo 3º. Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou en cuxo intereses redunde a tramitación do documento ou expediente de que se trate.

Artigo 4º. Responsables.

1. Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5º. Beneficios fiscais.

1. Gozarán de exención aqueles contribuíntes en que concorran algunha das seguintes circunstancias:
 1. Estar inscritas no padrón da Beneficencia como pobres de solemnidade.
 2. Haber obtido o beneficio xudicial de pobreza, respecto aos expedientes que deben surtir efecto, precisamente, no procedemento xudicial no que fosen sido declarado pobres.
2. No se admitirán nesta Taxa beneficio tributario ningún que non veña establecido en Tratados ou Acordos Internacionais ou en normas con rango de Lei.

Artigo 6º. Cota Tributaria.

1. A cota tributaria determinarase por unha cantidade fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar, de acordo coa Tarifa que contén o artigo seguinte.
2. A cota de Tarifa corresponde á tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, desde a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación ao interesado do acordo recaído.
3. As cotas resultantes por aplicación das anteriores tarifas se incrementarán nun 50 por 100 cando os interesados solicitasen con carácter de urxencia a tramitación dos expedientes.

Artigo 7º. Tarifa.

A tarifa desta taxa será a que figura no anexo.

Artigo 8º. Devengo.

1. Devéngase a taxa e nace a obrigaçión de contribuír cando se presente a solicitude que inicie a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos ao tributo.
2. Nos casos a que se refire o número 2 do artigo 2.º, o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provoquen a actuación municipal de oficio ou cando esta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

Artigo 9º. Declaración e ingreso.

1. A taxa esixirase en réxime de autoliquidación, e normalmente polo procedemento do selo municipal adherido ao escrito de solicitude da tramitación do documento ou expediente, ou nestes mesmos se aquel escrito non existira, ou a solicitude non fose expresa.
2. Os escritos recibidos polos condutos a que fai referencia o artigo 66 da Lei de Procedemento Administrativo, que non veñan debidamente reintegrados, serán admitidos provisionalmente, pero non poderá dárseles curso sen que se subsane a deficiencia, a cuxo fin se requirirá ao interesado para que, no prazo de dez días, abone as cotas correspondentes; co apercibimento de que, transcorrido dito prazo sen efectualo, se terán os escritos por non presentados e será arquivada a solicitude.
3. O importe desta Taxa poderase esixir mediante o pago en efectivo, substituíndose o selo municipal por un recibo duplicado, un de cuxos exemplares se unirá ao escrito e outro á copia que se devolva ao interesado.

Artigo 10º.- Infraccións e Sancións.

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da corporación na sesión extraordinaria de 22 de outubro de 2008 , entrará en vigor momento da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partires do o día 1 de xaneiro de 2009., permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO

EPÍGRAFE 1: SOLICITUDES

- Solicitud licenzas obra maior..... 18,00€
- Solicitud licenzas obra menor..... 12,00€
- Solicitud licenza segregación..... 18,00€
- Solicitud licenza primeira ocupación..... 12,00€
- Solicitud tramitación expedientes actividades molestas, insalubres, nocivas e perigosas 18,00€
- Solicitud Apertura establecementos..... 12,00€
- Solicitud cambio titularidade establecementos..... 12,00€
- Solicitud autorización fogueiras de San Xoán..... 3,00€
- Solicitud autorización festas ao aire libre 12,00€
- Solicitud inscrición Rexistro Municipal de Parellas de feito.....3,00 €
- Solicitud inscrición Rexistro Municipal Asociacións3,00 €

EPÍGRAFE 2: COPIAS

- Fotocopias A4 branco e negro 0,15€
- Fotocopias A3 branco e negro 0,30€
- Copia NNSS e ordenanzas fiscais 15,00€
- Copias planos: se teñen que ser contratadas polo concello de xeito externo, segundo presuposto facilitado pola empresa encargado da súa elaboración.

EPÍGRAFE 3: INFORMES E CERTIFICACIÓNS

- Informe de Alcaldía 2,00€
- Certificación sobre padróns de rústica, urbana, IAE, taxas ou documentos recadatorios..... 4,00€
- Certificacións sobre acordos da Corporación do ano en curso..... 2,50€
- Certificacións sobre acordos da Corporación dos anos anteriores ... 3,00€
- Certificacións do padrón de habitantes vixente 2,00€
- Certificacións sobre censos de poboación e padróns de habitantes anteriores a ano 1996 6,00€
- Certificacións en Xeral 2,50€
- Informes Urbanísticos..... 25,00€

EPÍGRAFE 4: LICENZAS

- Licenza Auto-turismo 10,00 €
- Licenza condutor Auto-turismo 5,00 €
- Licenza por tenencia animais perigosos e animais de compañía10,00 €
- Licenzas de armas.....3,00 €

EPÍGRAFE 5 : DEREITOS DE EXAME

- Exámenes para prazas encadradas no grupo A1 , A2 ou asimilados 30,00 €
- Exámenes para prazas encadradas no grupo C1 , C2 ou asimilados 25,00 €
- Exámenes para prazas encadradas no grupo de agrupacións profesionais sen requisito de titulación ou asimilados 20,00 €

EPÍGRAFE 5 : OUTROS CONCEPTOS

- Outros informes emitidos polo persoal técnico do Concello.....15,00 €
- Polos servizos de ceremonial para a celebración de matrimonios civís... 20,00 €

(Publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra N° 246 do 19 de decembro de 2008)